

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Bravo Bosch, María José
Caparrini Marín, Natalia
Lago Ferreiro, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmes Romero, Yolanda
Quintero Martínez, Félix
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rodríguez Rajo, Francisco Javier
Rubio Armesto, Belén
Sánchez Moreiras, Adela María
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Álvarez González, Susana
Fariña Rodríguez, José
Formella, Arno
Lorenzo González, M^a de las Nieves
Mociño González, María Isabel
Peña Gallego, María de los Ángeles
Pérez Vázquez, María Consuelo
Rodríguez Domínguez M^a del Mar
Soto González, María Mercedes
Torres Romay, Emma

PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada
Araujo Nespereira, Pedro Antonio
Arévalo Tomé, Raquel
Durán Barbosa, Rafael
López Ardao, José Carlos
López Mira Álvaro Xosé
Montero Reguera, José Francisco
Porteiro Fresco, Jacobo
Romo Pérez, Vicente
Rúas Araújo, José
Ruiz Hidalgo, Carmen

PDI-B

Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a
Covadonga

ESTUDANTES

González González, Jaime
Lima González, Estela
Meis Solla, Iago
Rodríguez Pousa, Estela

PTXAS

González Penín, Ana Isabel
Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Larriba Leira, Elvira
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

García Eirín, José Manuel

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Álvarez Álvarez, María Salomé
Díaz Redondo, Rebeca Pilar

Acta da sesión extraordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 1 de decembro de 2025, convocada para ás 11:30 h. en primeira convocatoria e ás 12:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 12:00 do día 1 de decembro de 2025 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente na Sala Manolo Ramos.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, do Convenio entre a Consellería de Sanidade, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a descentralización da docencia do Grao en Medicina.

1. **Aprobación, se procede, do Convenio entre a Consellería de Sanidade, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a descentralización da docencia do Grao en Medicina.**

O reitor comeza informando que este convenio, contido na documentación facilitada a todos os membros do Consello de Goberno, ten informe favorable da Asesoría Xurídica. A continuación pon en coñecemento de todas as persoas que forman parte do Consello de Goberno os acontecementos dos últimos días con respecto a este tema.

A UDC aprobou o convenio por unanimidade, mentres a USC suspendeu a aprobación do acordo de forma indefinida. Polo tanto, non procede sumarnos a un acordo, aínda que temos claro que o acordo era moi bo.

A continuación, o reitor informa sobre as negociacións existentes sobre a titulación de Medicina, lembrando que co acordo do 2015 non houbo practicamente avances na descentralización. A proposta da UDC sería crear novas facultades. Sen embargo, despois das diferentes xuntanzas entre as 3 universidades públicas galegas, o Sergas, e a Xunta de Galicia, chegouse a unha proposta de acordo 2025 consistente na participación das 3 universidades no título actual, da USC, cunha clara descentralización nos últimos cursos, que estaba pendente de acordo nos respectivos Consellos de Goberno.

Cronoloxía: A Universidade de Vigo pediu a titulación en 1991. Nos acordos sucesivos sobre o mapa de titulacións non houbo cambios, pero acordouse no 2015 a descentralización da docencia práctica de medicina dos cursos 4º, 5º e 6º. En xuño de 2025 o reitor da UDC, sen previa negociación, levou o pedimento da titulación de medicina ao Consello de Goberno.

Reunido o Consello de Docencia clínica, acordouse por asentimento crear un grupo de traballo para abordar, de xeito negociado, a descentralización dos estudos de medicina, correspondéndolle a presidencia ao reitor da UVigo, e chegando a un acordo aceptado polas tres universidades públicas galegas, coa comunicación conxunta do acordo entre os tres reitores e os dous conselleiros, de Sanidade, e de Educación, Ciencia, Universidades e Formación profesional da Xunta de Galicia. A continuación, o grupo de traballo acordou elevar o acordo ao Consello de Docencia clínica, que aprobou o texto por asentimento. Agora estamos á espera de que os Consellos de Goberno das tres universidades ratifiquen o acordo. Xa o fixo a UDC (por asentimento), a USC o levou este venres pero pospuxo a decisión, e nós quedamos para o final.

Polo que se refire ao traballo interno da Universidade de Vigo, no Consello de Goberno apróbase por asentimento a proposta do reitor, que contén o apoio a seguir negociando e, como alternativa, pedir de novo a titulación de medicina se é que non hai acordo. De resultas, creouse un grupo de traballo, que vai seguir activo, capitaneado por África González e Alfonso Lago, para estar preparados por se houbera algunha continxencia.

O Consello de Goberno aprobou, con data 17 de outubro de 2025, a expresión de interese na implantación de medicina na Universidade de Vigo, deixándoa en suspenso durante como máximo un mes á espera da consecución do acordo para a descentralización de medicina. Fomos escrupulosos, enviamos a solicitude e, se se ratificaba o acordo, retiraríamos a nosa petición.

O reitor pasa a continuación a explicar o acordo, reflectido nun convenio que teñen a súa disposición todos os membros de Consello de Goberno.

As claves son:

1. Creación de unidades docentes compartidas con PDI das tres universidades.
2. Calendario explícito e rápido para a descentralización completa dos cursos 4º a 6º de toda a docencia.
3. Contratación de PDI ao 50% entre as universidades que participan na unidade docente.
4. Pagamento da Xunta de Galicia dese profesorado por fóra do plan de financiamento.
5. Relacións claras entre os hospitais e as tres universidades. Non se vinculan os hospitais á USC, senón cada un á súa universidade, o que ten vantaxes no desenvolvemento dos institutos.
6. Cláusula de saída.

O reitor trae a colación unha opinión persoal intranscendente: durante os vindeiros 3-4 anos poden facerse propostas de descentralización máis potentes, que terían que estar preparadas para o ano 2029. O reitor cre que o ideal sería traballar para un título compartido entre as tres universidades. Que o estudantado sexa das tres, e que compartamos a formación dos médicos.

Unha segunda opinión persoal intranscendente: aínda que foi moito traballo, o que lle tocou ao reitor o fixo pensando no ben común do Sistema Universitario Galego, na mellor formación do estudantado e secundariamente no mellor para a UVigo. Pensa que a postura de lealdade institucional foi ben comprendida. E foi un pracer interactuar coas persoas que formaron parte do proceso.

O reitor pon de relevo o procedemento de declaración de interese 2027/2028 e como se tramita na UVigo, co calendario aprobado no Consello de Goberno de 30 de xullo de 2025.

Hai tamén unha comisión redactora do título de Medicina, con 10 membros, que xa comezou a traballar, aínda que ten moito traballo.

E a comisión asesora de Medicina, coas 8 persoas que integran dita comisión, todas pertencentes ao ámbito da medicina.

Procedemento memoria inicial Curso 2027/2028: calendario aprobado no Consello de Goberno de 30 de xullo de 2025. A aprobación da memoria inicial é ata o 27 de febreiro de 2026. Logo, a exposición pública á Comunidade Universitaria na web da Universidade, de 4 de marzo de 2026 ata o 20 de marzo de 2026. A recollida de alegacións será durante o prazo de exposición pública. E a avaliación da memoria inicial e remisión do informe técnico, ata o 27 de marzo de 2026. O reitor indica que terá que pedir o favor para adscribir o novo título a algunha facultade existente, porque non temos facultade creada. A aprobación da memoria definitiva e elaboración do informe de resposta as alegacións será ata o 24 de abril de 2026, a remisión da documentación da proposta definitiva ao SXEG (Grao), ata o 28 de abril de 2026, o informe da COAP, ata o 22 de maio de 2026, a aprobación da proposta do Consello de Goberno e informe do Consello Social, ata o 29 de maio de 2026, e o envío da solicitude de proposta á Consellería, ata o 1 de xuño de 2026.

Nós fixemos o esforzo máximo, traballamos arreo para levar adiante o acordo, pero para que esa cooperación sexa posible teñen que estar todos os actores implicados.

Intervén a continuación Jacobo Porteiro comentando que ten varias preguntas, comezando por saber se se ten que aprobar o convenio. O reitor dille que non procede, que é mellor dicir que non procede, e seguir co procedemento que corresponda para poñer en marcha o título de Medicina. Jacobo Porteiro pregunta se imos esperar que a Facultade da USC envíe algunha nova opción ou non. O reitor di que se envían un acordo, semellante ao que se dixo, estaría disposto a estudialo e o traería de novo ao Consello de Goberno. Pero se fose, por exemplo, unha calendarización a 10 anos non procede, ou modificacións substanciais con respecto ao acordo aceptado por todos.

Jacobo Porteiro di que a súa preferencia é un título compartido. Dá a sensación de que traballaremos para non avanzar. O reitor di que se non hai xenerosidade, porque non hai altura de miras, nos imos a traballar para ter o título de Medicina na UVigo.

Jacobo pregunta se o imos facer como medida de presión. O reitor responde que non, que el pelexou por ter un acordo, pero agora non corresponde.

Jacobo Porteiro pregunta se sabemos que vai facer a UDC. Os prazos van a ser semellantes con eles, pero cada quen vai seguir o seu pedimento.

Jacobo Porteiro di que non coñecían a existencia da comisión elaboradora. Di que non se informou da composición. Alfonso Lago comenta que se mandou un correo a toda a comunidade universitaria indicando a declaración de interese dese título, coas comisións, e cando se puxo a exposición pública puideron facerse as alegacións que quixeran, e que non se fixo ningunha con respecto ás comisións.

Porteiro di que estamos nunha situación ambigua, estamos a conformar un título pero estamos á espera de volver a unha negociación. O reitor di que non, nós xa estamos traballando polo título como noso plan de futuro.

O reitor di que non temos garantía de que nos vaian a aprobar a titulación por parte da Xunta de Galicia, cos trámites preceptivos en ACSUG e no Consello Galego de Universidades, pero evidentemente temos que facer todo o posible para ter a documentación necesaria para ter dereito ao título de Medicina.

Jaime González intervén para transmitir unha inquedaanza con respecto á implantación de títulos de Medicina por parte de universidades privadas, da seguinte forma:

“No Consello de Goberno do 17 de outubro, o Reitor trouxo os puntos clave da negociación deste convenio, no que se incluía que, e cito textualmente “A Xunta de Galicia comprometerase a impedir a posta en marcha de titulacións privadas de medicina en Galicia, mantendo unicamente título na universidade pública.”

Eu pregunteille ao Reitor pola súa confianza acerca desta cuestión, ao cal o Reitor respondeume que estaba “falado coas consellerías afectadas para que non houbera permiso algún para a universidade privada, sempre e cando haxa acordo.”

Obviamente isto último xa caíu, pero aínda así, o que viña no convenio para votar hoxe xa dexaba entrever que esta postura mudara. Na cláusula décimo terceira deste convenio se di que:

“No caso de que [...] a consellería competente en materia de universidades emita informe favorable ao envío a verificación de solicitudes de implantación do grao en Medicina presentadas por outras entidades, comunicárase tal circunstancia de maneira inmediata ás universidades asinantes [...] para que a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo poidan presentar a documentación correspondente [...]

Este mesmo procedemento aplicarase no suposto de implantación no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia de titulacións en Medicina promovidas por entidades privadas [...]

Pensando no futuro, isto non un compromiso para impedir a posta en marcha de titulacións privadas. Se unha entidade privada solicita medicina en Galicia, a Xunta so se comprometía a avisarnos a Vigo e a Coruña para que a pidamos tamén.

Polo tanto a miña pregunta é, qué mudou para que o que no consello do 17 era un compromiso de impedimento, agora sexa só un de aviso?”

Trala resposta do reitor, formulei unha segunda pregunta nestes termos

“Atendendo a iso, qué poder temos para que o compromiso político que se acadou para Medicina se acade para outras titulacións? Pregunto porque estes días podemos ver en outras rexións do estado os efectos para a universidade pública que ten este modelo, e aínda que van con varios pasos de adianto, prodúcese inquedaanza”.

O reitor di que a consellería en conversas díxolle que non concederían permiso para implantar un título de Medicina por parte dunha universidade privada.

O reitor di que ata agora temos un plan de titulacións negociado, polo tanto temos un horizonte no que vai a medrar. Están dispostos na consellería a chegar a 1%, pero a negociación é a que é nestes momentos.

Intervén a continuación José Fariña dicindo que é unha mágoa porque era a mellor solución. Ten dúas preguntas: que pasa se a Xunta di que teñen que compartir o título a UDC e a UVigo, a UVigo o aceptaría? A segunda pregunta ten que ver coa financiación, temos claro o custo da titulación?.

O reitor responde á posibilidade de que a Xunta propoña compartir títulos, dicindo que o escenario é o de 1 facultade ou 3 facultades, pero non 2. José Fariña reitera que a coste 0 non se vai poder facer a facultade de Medicina, e pregunta canto vai costar iso. O reitor responde que fixera o cálculo para 100 estudantes, e a súa estimación, como cifras moi estimativas, está arredor de 12 millóns e medio de euros.

José Fariña comentou no Consello de Goberno anterior que non quería mesturar as cousas, pero hoxe si vai falar deste tema, cre que non somos unha universidade que se dedique ás persoas. O profesor vinculado xa anunciou que vai deixar de ser profesor vinculado xa que a universidade non da resposta as súas peticións. Nesa comisión unha das persoas que participou puxo en dúbida a continuidade do grao en enxeñaría biomédica, porque xa non existe un bo ambiente. A el gustaría lle que isto se modifique, e non pedíndolles paciencia, senón que al menos se estableza un plan de traballo coñecido. Engade que levamos dende marzo nunha situación insostible, e non houbo ningunha empatía coas persoas que están nesa situación.

O reitor explica que quere arranxar o problema deste profesor, que vén da decisión dos servizos da UVigo que din que non é posible pagar o que di o SERGAS; porque a UVigo gañou unha sentenza na que os profesores contratados con esa figura non puideron cobrar o que lles correspondería. Está intentando solucionalo, se lle acusou de prevaricación, que o Servizo ía ir aos tribunais, e quere ter os informes xurídicos que deixen claro que non estamos prevaricando.

O reitor está moi agradecido a Alberto Fernández Villar, que axudou desinteresadamente no grao de Enfermaría, e entende que poderemos solucionalo a través dun procedemento legal.

José Fariña di que non entende porque entón asinouse un convenio que non se pode asinar, cun informe favorable de Asesoría Xurídica, e que non se poida cumprir. Pon como exemplo a Universidade de Granada, na que poden facer coa tabla que teñen o pagamento dese persoal. Non entende entón como se vai a poder facer se conseguimos o título de Medicina. Grazas ao traballo de Alberto Fernández Villar puido levarse a cabo o grao en Enxeñaría Biomédica.

O reitor di que é a derradeira interacción, a sentenza non fai referencia a normativas nosas senón a normativa estatal.

Rafael Durán está de acordo con José Fariña en arranxar o tema de Alberto Fernández Villar. A falta de acordo en Medicina condicionará o mapa de titulacións? O reitor di que supón un atranco no camiño, se se abre a porta de novas titulacións de medicina, vai en contra coa liña de especialización dos Campus. O reitor opina que terá efectos sobre as negociacións, pero se verá. Imos ver como evoluciona todo. O posicionamento da UVigo será chegar a consensos, e para que os desacordos se poidan levar en casa antes que fóra.

Jacobo Porteiro di que como membro de Industriais espera que se poida solucionar o problema de Alberto Fernández Villar. Vaise de aquí coa sensación de que non quedou moi claro. Afirma que o acordo era un bo acordo.



O reitor comenta que o que pode figurar na acta, se lle parece ben aos membros do Consello de Goberno, é que o acordo era razoable, pero os acontecementos recentes fan imposible a súa aprobación.

Retírase o punto.

O reitor agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:33 h. do día 1 de decembro de 2025, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

A secretaria xeral